Terceiro.-O artigo 39 do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, dispón que a extinción requirirá o acordo do seu órgano de goberno adoptado coa maioría indicada no artigo 13.3º, que deberá ser ratificado polo protectorado.

Cuarto.-Conforme o artigo 40 do dito decreto, a extinción da fundación porá fin ás actividades ordinarias desta e determinará o comezo das operacións da súa liquidación. Cesarán os membros do órgano de goberno e dirección da fundación que non sexan liquidadores.

Os liquidadores nomeados terán as responsabilidades dos membros do órgano encargado do goberno e dirección da fundación durante o período de liquidación desta e daranlle conta ao protectorado de cada unha das operacións que leven a cabo, tanto na realización do activo como na liquidación do pasivo. Formarán a conta final de liquidación cos xustificantes da entrega do haber líquido ás institucións chamadas a recibilo, que se inscribirá no Rexistro de Fundacións.

Por todo isto,

Vista a Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado; a Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego; o Decreto 248/1992, que aprobou o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego; o Decreto 517/2005, do 6 de outubro, pola que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar; a Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e demais da súa normativa de desenvolvemento e a de xeral aplicación,

*DISPOÑO:*

Primeiro.-Ratificar o acordo de extinción da *Fundación para a Protección de Discapacitados Psíquicos de Viveiro* (Lugo) e ordenar a súa inscrición no Rexistro de Fundacións.

Segundo.-Nomear liquidadores os seguintes membros do padroado:

-María Pilar Jiménez Díaz.

-José Luis Carrillo Pena.

Os liquidadores nomeados deberán informar o protectorado das operacións realizadas e solicitar as autorizacións que precisen de conformidade coa normativa vixente. Así mesmo, deberán remitir ao dito protectorado a conta final de liquidación dos xustificantes de entrega de lles ter liquidado ás institucións chamadas a recibilo, inscribíndose no Rexistro de Fundacións.

Os demais membros do órgano de goberno que non sexan liquidadores deberán presentar o seu cesamento ao protectorado para a súa inscrición no Rexistro de Fundacións.

Esta resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderán interpoñer recuso de reposición no prazo dun mes desde o día seguinte ao da notificación desta resolución perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou directamente o recurso contencioso-administrativo, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses desde o día seguinte ao da súa notificación. En todo caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto (artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro).

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2008.

Anxo Manuel Quintana González
Vicepresidente da Igualdade e do Benestar

*Orde do 18 de marzo de 2008 pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas á prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria.*

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º, atribúelle á Comunidade Autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás comunidades autónomas polo artigo 148.1.20º da Constitución española.

A Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, recolle, no seu artigo 74, a obriga de incluír anualmente na redacción dos seus orzamentos as contías necesarias para atender os gastos derivados do exercicio das competencias que o artigo 26 desta lei lle atribúe á Administración autonómica. Os artigos 75, 76 e 77 establecen a obrigatoriedade por parte das corporacións locais de incluír nos seus orzamentos unha partida específica destinada ao mantemento dos servizos sociais.

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, de conformidade co establecido no Decreto 211/2005, do 3 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e no Decreto 517/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da dita vicepresidencia, é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de política de servizos sociais, sen prexuízo das competencias expresamente atribuídas a outras consellerías.

Esta orde regula a convocatoria de subvencións ás corporacións locais para o financiamento de programas sociais de atención primaria incluídos no Plan Concertado de Prestacións Básicas de Servizos Sociais, así como tamén dun primeiro nivel de atención a sectores de poboación con problemáticas diferenciadas, de proxectos destinados a garantir a accesibilidade e supresión de barreiras, de servizos de atención ás persoas en situación de dependencia e de proxectos de desenvolvemento do pobo xitano, todos eles executados polas corporacións locais de Galicia, de conformidade co establecido na normativa estatal básica da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, que a desenvolve, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, normativa á que, en consecuencia, se adaptará a esta orde, atendendo, en todo caso, aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade e igualdade e non discriminación.

Prevese nesta orde a incorporación e adaptación dos servizos sociais de atención primaria municipais para a súa participación na xestión de prestacións ás persoas en situación de dependencia no ámbito das súas competencias, nomeadamente mediante a axuda no fogar municipal, en coherencia coa progresiva implantación e desenvolvemento do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia en Galicia, mediante o cal se fan efectivas as prestacións e servizos establecidos como dereito na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, prestacións que se integran no sistema galego de servizos sociais mediante o Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e o dereito ás prestacións do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia.

Nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008 existe crédito adecuado e suficiente para o financiamento das subvencións previstas nesta orde nos estados de gastos correspondentes á Dirección Xeral de Acción Social da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Varias das partidas que financian esta orde están cofinanciadas polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, concretamente as correspondentes ao Plan Concertado de Prestacións Básicas de Servizos Sociais e ao Plan para o Desenvolvemento do Pobo Xitano, e outras están cofinanciadas polo IMSERSO, nomeadamente as correspondentes ao financiamento da prestación do servizo de axuda no fogar municipal a persoas en situación de dependencia valorada.

En virtude do exposto anteriormente, e en uso das facultades que teño atribuídas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, e desenvolvida polo Decreto 211/2005, do 3 de agosto, e mais o Decreto 517/2005, do 6 de outubro,

*DISPOÑO:*

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto regular as bases polas que se rexerá a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás corporacións locais para o financiamento total ou parcial dos servizos sociais da súa competencia e proceder á súa convocatoria.

Artigo 2º.-*Servizos sociais subvencionables.*

Terán o carácter de subvencionables os seguintes servizos sociais:

1. Servizos sociais de atención primaria que desenvolvan programas e presten axudas favorecedoras da participación, integración e benestar social das persoas ou grupos, dentro do medio máis próximo ao usuario e ao seu contorno. Os ditos servizos sociais comunitarios prestaranse nos seguintes equipamentos:

*Centros de servizos sociais.

*Centros de acollida.

*Albergues.

*Outros equipamentos de apoio ao traballo social de atención primaria (centros de día, centros ocupacionais, etc.).

Dentro das actividades que se desenvolvan nos centros de servizos sociais, serán obxecto de financiamento os seguintes programas básicos de actuación: información, orientación e asesoramento; de axuda no fogar e apoio á unidade de convivencia; de prevención e inserción social; de aloxamento alternativo; de fomento de cooperación social e todos aqueles que se poidan levar a cabo desde o primeiro nivel de atención.

Financiarase, así mesmo, nun primeiro nivel, a atención a sectores de poboación con problemáticas diferenciadas, sendo enumerados os seguintes servizos, equipamentos e programas financiables a título enunciativo:

-Servizos, equipamentos e programas na área dos maiores.

-Servizos, equipamentos e programas nas áreas da discapacidade, incluíndo a intervención psicosocial e familiar nos programas de atención temperá.

-Servizos, equipamentos e programas favorecedores da inclusión social de colectivos vulnerables (drogodependencia, alcoholismo, ludopatía, anorexia, consumo compulsivo, etc...).

-Servizos, equipamentos e programas na área da prevención da marxinación e exclusión social.

-Proxectos destinados a garantir a accesibilidade e a supresión de barreiras.

-Aqueloutros que respondan a situacións carenciais de sectores de poboación con problemáticas diferenciadas.

Ademais, para os efectos de garantir a dispoñibilidade dos recursos necesarios para a progresiva implantación e desenvolvemento do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia en Galicia, mediante o cal se fan efectivas as prestacións e servizos establecidos como dereito na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, financiarase especificamente o servizo de axuda no fogar para persoas en situación de dependencia valorada de acordo co procedemento establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e o dereito ás prestacións do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia e as normas que o desenvolven, a maiores do financiamento para o programa básico de actuación ou prestación básica de axuda no fogar.

2. Proxectos de desenvolvemento do pobo xitano executados polas corporacións locais de Galicia, que se financiarán de forma autónoma e separada respecto das actuacións enumeradas nas alíneas anteriores.

Artigo 3º.-*Beneficiarios.*

Poderán solicitar as subvencións que se regulan nesta orde as corporacións locais galegas que dexexen implantar ou teñan a titularidade dos centros ou servizos que se mencionan no artigo anterior, para o que deberán estar inscritas no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais.

Artigo 4º.-*Tipos de subvencións.*

Os tipos de subvencións que se poderán solicitar son as seguintes:

1. Para financiamento dos servizos sociais de atención primaria municipais, en particular, dos seguintes conceptos:

a) Gastos derivados das retribucións brutas do persoal adscrito aos ditos servizos.

b) Gastos de mantemento dos servizos, comprendendo exclusivamente os gastos que correspondan a desprazamentos do persoal técnico por razóns de servizo ou á súa formación continua, e os gastos de funcionamento de centros directa e inmediatamente destinados á prestación de servizos a persoas usuarias do sistema, tales como albergues, casas de acollida, vivendas comunitarias, centros ocupacionais, etc... Exclúese o financiamento dos gastos de mero mantemento de instalacións e equipos (auga corrente, enerxía eléctrica, subministracións de materiais consumibles, etc...) correspondentes ás oficinas municipais de servizos sociais de atención primaria, por entender que deben correr por conta da corporación local titular destas;

c) Gastos derivados da realización de programas básicos de actuación, de carácter comunitario ou polivalente, destinados á poboación en xeral, e de carácter sectorial, destinados aos sectores de poboación con problemáticas diferenciadas.

d) Gastos derivados da prestación do servizo de axuda no fogar para persoas en situación de dependencia valorada de acordo co procedemento establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e o dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia e as normas que o desenvolven, a maiores do programa básico de actuación ou prestación básica de axuda no fogar.

e) Investimentos de capital:

*Adquisición de inmobles.

*Construción de nova planta.

*Reforma, ampliación, mellora ou acondicionamento de edificios e instalacións.

*Accesibilidade e supresión de barreiras.

*Equipamento, financiándose exclusivamente os equipamentos directa e inmediatamente destinados á prestación de servizos sociais, e excluíndo o financiamento de equipamentos para oficinas de servizos sociais de atención primaria (materiais de oficina, equipamentos informáticos, material de arquivo, etc...), por entender que debe ser asumido polas corporacións locais titulares dos ditos servizos.

2. Para financiamento da execución de proxectos de desenvolvemento do pobo xitano.

Artigo 5º.-*Renovación de subvencións.*

Considérase obxectivo de financiamento prioritario para o exercicio do 2008 o da renovación das subvencións outorgadas ás corporacións locais durante o exercicio de 2007 para os conceptos de «persoal» e «axuda no fogar» dos servizos sociais de atención primaria, sempre que foran adecuadamente xustificadas no seu día, e de conformidade coas seguintes condicións:

a) A contía referente aos gastos de persoal calcularase en función da concedida para o ano 2007, cun incremento igual ao sinalado no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2007, respecto ao persoal ao seu servizo.

b) A renovación das subvencións concedidas para o programa de axuda no fogar en 2007 dependerá da procedencia dos fondos que financiaron as ditas achegas:

*As subvencións concedidas para o programa de axuda no fogar con cargo aos fondos procedentes do Plan Concertado de Prestacións Básicas de Servizos Sociais no exercicio 2007 renovaranse para o ano 2008 por unha contía non inferior en ningún caso á das concedidas e adecuadamente executadas e xustificadas no pasado exercicio para esta finalidade con cargo aos referidos fondos.

*A diferenza do caso anterior, as subvencións concedidas para o programa de axuda no fogar con cargo aos fondos destinados á atención de persoas en situación de dependencia no exercicio 2007 serán obxecto de renovación para o ano 2008 en función do número de prazas destinadas á atención de persoas en situación de dependencia valorada cuxo programa individualizado de atención recolla a prestación do servizo de axuda no fogar. Para estes fins efectuouse, para cada corporación local beneficiaria destas subvencións en anos anteriores, unha preasignación provisional de prazas para a atención a persoas en situación de dependencia valorada a través do programa de axuda no fogar municipal segundo se recolle no anexo XI desta orde. Esta preasignación, elaborada a partir dos datos subministrados polas propias corporacións locais acerca das estimacións do número de dependentes susceptibles de ser atendidos a través do correspondente programa de axuda no fogar municipal en 2008, ten carácter provisional, porque queda condicionada á correcta formalización do expediente de solicitude por parte das corporacións locais solicitantes e poderá ser obxecto de variación de conformidade co contido de cada unha das solicitudes de cada corporación local ou debido a novas dispoñibilidades orzamentarias que permitan incrementar o financiamento para a cobertura de novas prazas de axuda no fogar municipal para a atención a persoas en situación de dependencia valorada.

En todo caso será condición indispensable para obter a renovación das subvencións para axuda no fogar outorgadas no exercicio 2007 dar conta do cumprimento do programa nunha relación específica de persoas usuarias que se incluirá na avaliación xustificativa de execución de programas realizados no ano 2007.

c) A renovación destas subvencións queda condicionada á continuidade das circunstancias que fundamentaron a súa concesión en anos anteriores, fundamentalmente á continuidade na prestación dos servizos sociais de atención primaria municipais nas mesmas condicións de anos anteriores.

d) Ademais, para a concesión de subvencións ao abeiro desta orde no exercicio 2008 será necesaria a presentación, con carácter previo, da avaliación do ano 2007, segundo o modelo establecido, dispoñible na páxina web da Vicepresidencia da Xunta de Galicia. O dito modelo segue as clasificacións do Sistema de Información de Usuarios de Servizos Sociais (SIUSS), ficha social informatizada que deben incorporar todas as corporacións locais galegas á xestión dos seus servizos sociais de atención primaria, para o que contarán co apoio técnico da Dirección Xeral de Acción Social.

Artigo 6º.-*Prestación de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia valorada.*

Para a coordinación do programa de axuda no fogar municipal co Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia en Galicia e a súa adaptación ao establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e o dereito ás prestacións do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia, establécense, para o exercicio de 2008, as seguintes regras:

a) Serán beneficiarios do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia en Galicia durante o ano 2008 as persoas valoradas como grandes dependentes, nos seus dous niveis e, ademais, as persoas valoradas como dependentes severos no nivel 2.

b) Para facilitar e ordenar o desenvolvemento do novo Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia en Galicia no relativo ao servizo de axuda no fogar, establécese, no anexo XI desta orde, unha preasignación provisional, por corporacións locais, de prazas destinadas á atención de persoas en situación de dependencia valorada, como referente común de planificación do proceso de implantación da atención á dependencia para os servizos sociais de atención primaria das corporación locais e para os órganos de valoración da dependencia da Dirección Xeral de Acción Social durante o ano 2008.

c) Se fose necesario, as corporacións locais establecerán a nivel local os mecanismos correctores nos procedementos de acceso á prestación de axuda no fogar para adaptar o número e composición das persoas usuarias á tipoloxía de prazas contida no referido anexo XI.

d) Durante o exercicio 2008, e de maneira progresiva, a axuda no fogar prestada a persoas en situación de dependencia valorada, será realizada coas seguintes intensidades:

| Grao e nivel de dependencia | Horas de atención |
|---|---|
| Grao II (dependencia severa), nivel 2 | entre 40 e 55 horas mensuais |
| Grao III (gran dependencia), nivel 1 | entre 55 e 70 horas mensuais |
| Grao III (gran dependencia) nivel 2 | entre 70 e 90 horas mensuais |

e) Mentres non se establezan polo Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia os criterios de copagamento do servizo, as corporacións locais titulares do servizo poderán seguir aplicando os criterios de copagamento que teñan establecido en desenvolvemento do artigo 12 da Orde do 22 de xullo de 1996, pola que se regula o servizo de axuda no fogar. En calquera caso serán as propias administracións locais as que se encarguen de aplicar directamente e liquidar as contribucións que correspondan por parte das persoas usuarias dos servizos.

f) Para a determinación das cantidades que se van financiar cada corporación local por parte da Vicepresidencia da Xunta de Galicia, tomarase como base de referencia a referida preasignación provisional, tendo en conta os principios recollidos, en canto á participación financeira das diferentes administracións e das persoas usuarias, na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e o dereito ás prestacións do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia e na correspondente normativa de desenvolvemento.

Artigo 7º.-*Financiamento.*

Para a concesión das subvencións reguladas nesta orde, existe crédito adecuado e suficiente previsto nos orzamentos xerais da comunidade autónoma:

a) Para o ano 2008, por un importe total de 34.414.748 €, sen prexuízo de ulteriores variacións producidas como consecuencia de modificacións orzamentarias ou do xurdimento de novas dispoñibilidades orzamentarias ou de remanentes procedentes doutras convocatorias, de conformidade coa seguinte distribución:

-Transferencias correntes, cap. IV (para financiamento de gastos de funcionamento e de realización de programas dos servizos sociais de atención primaria municipais e para financiamento de proxectos de desenvolvemento do pobo xitano):

05.41.312E.460.2 por importe de 18.164.206 €. (Servizos sociais de atención primaria).

05.41.313C.460.0 por importe de 12.138.780 €. (Axuda no fogar para persoas en situación de dependencia valorada).

05.41.312C.460.3 por importe de 1.795.481 €. (Servizos sociais de atención primaria).

05.41.312F.460.2 por importe de 544.000 €. (Proxectos para o desenvolvemento do pobo xitano).

-Transferencias de capital, cap. VII (para financiamento de investimentos de capital: obras, adquisición de inmobles, equipamento):

05.41.312E.760.0 por importe de 1.300.255 €. (Investimentos para a atención de persoas dependentes).

05.41.312E.761.0 por importe de 472.026 €. (Plan de Eliminación de Barreiras Arquitectónicas).

b) Se é o caso, poderán adquirirse compromisos de gasto de carácter plurianual, de acordo co establecido no artigo 58 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, con cargo aos anos e aplicacións orzamentarias que se citan:

-Ano 2009:

05.41.312E.760.0 por importe de 910.178,50 €.

05.41.312E.761.0 por importe de 330.418,20 €.

-Ano 2010:

05.41.312E.760.0 por importe de 780.153 €.

-Ano 2011:

05.41.312E.760.0 por importe de 650.127,50 €.

Artigo 8º.-*Solicitudes.*

1. As solicitudes de subvencións formularanse nos modelos oficiais normalizados que se publican como anexo I e anexo II desta orde:

*Anexo I, para solicitudes de financiamento de servizos sociais de atención primaria, tanto de carácter polivalente (aberto á comunidade) como de carácter sectorial (centrados en grupos con problemáticas específicas, incluíndo o servizo de axuda no fogar para a atención de persoas en situación de dependencia valorada).

*Anexo II, para solicitudes de financiamento de proxectos de desenvolvemento do pobo xitano executados por corporacións locais.

2. Todas as peticións de subvencións para servizos sociais de atención primaria, tanto de carácter polivalente como de carácter sectorial, incluídas as de renovación de subvencións concedidas no exercicio anterior reguladas no artigo 5º, realizaranse nunha única solicitude, á que se xuntará unha memoria individualizada, asinada polo técnico competente, para cada un dos servizos, programas e investimentos para os que se solicite a subvención, incluíndo a xustificación da subvención solicitada para gastos de mero mantemento, de ser o caso, de conformidade co previsto no artigo 4.1º.b).

3. Todas as peticións de subvencións para a execución de proxectos de desenvolvemento do pobo xitano realizaranse nunha única solicitude, á que se xuntará unha memoria, asinada polo técnico compe-

tente, xustificativa das actuacións incluídas dentro do proxecto para o que se solicite a subvención.

4. As solicitudes e a documentación requirida presentaranse, de conformidade cos modelos oficiais normalizados, nas oficinas de rexistro da Administración autonómica ou en calquera rexistro público, sen prexuízo da resolución ulterior do expediente polo órgano competente, de conformidade co disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 9º.-*Publicidade.*

1. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

2. De acordo coa disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a corporación local solicitante consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas, de ser o caso, no rexistro público de axudas, subvencións, convenios e sancións.

Artigo 10º.-*Documentación.*

1. As solicitudes para o financiamento dos servizos sociais de atención primaria, tanto de carácter polivalente como de carácter sectorial, deberán ir acompañadas da documentación seguinte.

1.1. Documentación xeral:

a) Certificacións do órgano correspondente da corporación local, nas que conste o seguinte:

-A contía total dedicada pola corporación local (ou corporacións locais, no caso de compartir o servizo) ao mantemento e desenvolvemento dos servizos sociais de atención primaria, tanto de carácter polivalente como de carácter sectorial, e aos investimentos de capital en servizos sociais incluídos no proxecto presentado para a solicitude da subvención (segundo o modelo do anexo III). Para estes efectos terase en conta, en todo caso, o disposto nos artigos 75 a 77 da Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais.

-Acordo do órgano competente da corporación local para solicitar a subvención e, no caso de continuidade, declaración de que se seguen a prestar os servizos nas mesmas condicións do ano anterior, para garantir a continuidade e estabilidade dos programas e prestacións básicas dos servizos sociais de atención primaria municipais.

-Se a dita solicitude se fixese mediante resolución da Alcaldía ou Xunta de Goberno local, deberá achegarse certificación acreditativa de que se lle deu conta ao Pleno da Corporación Local do contido da citada petición ou, subsidiariamente, certificación acreditativa de que se lle fixo entrega dunha copia da acta sesión da Xunta de Goberno local ou da resolución da Alcaldía na que se acordou a solicitude a todos os membros do Pleno da Corporación.

b) Certificación do órgano correspondente da corporación local acreditativa da natureza da vinculación, laboral ou funcionarial, do persoal adscrito aos servizos sociais de atención primaria, e do grao de estabilidade do mesmo, fixo ou temporal, no seu posto de traballo.

c) Declaración do peticionario da subvención na que figure o conxunto das subvencións e axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes para un mesmo proxecto, das administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades (segundo o modelo do anexo IV).

d) Ficha de solicitude de transferencia bancaria xunto coa certificación bancaria das contas correntes nas que se ingresará, de ser o caso, o importe da subvención concedida (segundo o modelo do anexo V).

e) Declaración do presidente da corporación local pola que se compromete a adoptar todas as medidas que sexan necesarias para a plena incorporación da ficha social SIUSS (Sistema de Información dos Usuarios de Servizos Sociais) á xestión dos servizos sociais de atención primaria da dita corporación (segundo o modelo do anexo VI).

f) Memoria individualizada, asinada polo técnico competente do departamento de servizos sociais da corporación, para cada un dos servizos, programas e investimentos para os que se solicite a subvención, incluíndo a xustificación da subvención solicitada para gastos de mero mantemento, de ser o caso, de conformidade co previsto no artigo 4.1º.b).

1.2 Documentación específica que debe acompañar as solicitudes nas que se inclúan gastos de investimento de capital:

a) Adquisición de bens inmobles:

*Certificación do órgano correspondente da corporación local na que se acredite a súa participación no orzamento da adquisición (segundo o modelo do anexo VII).

*Certificación do Rexistro da Propiedade no que se acredite que o inmoble obxecto da adquisición está libre de cargas, así como a titularidade deste por parte do vendedor.

*Documento de opción de compra, no que se indicará a data de caducidade da devandita opción, así como o seu prezo.

*Certificado de taxador independente debidamente acreditado e inscrito no correspondente rexistro oficial, segundo o previsto no artigo 28.7º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

*Memoria, asinada polo técnico competente do departamento de servizos sociais da corporación, xustificativa da necesidade e viabilidade do equipamento solicitado para mellorar a prestación dos servizos sociais que lle competen.

b) Construción, reforma, ampliación, mellora ou acondicionamento (incluídos os proxectos de obra destinados a garantir a accesibilidade e a supresión de barreiras):

*Certificación do órgano correspondente da corporación local no que se acredite a súa participación no orzamento da obra que se vaia realizar (segundo o modelo do anexo VII).

*Certificación do órgano correspondente da corporación local na que acredite o dominio do solicitante sobre o inmoble ou, se este é alugado ou cedido, certificación na que se fagan constar as condicións da cesión ou aluguer, así como a conformidade do propietario coas obras que se pretenden realizar. Para o financiamento de obras é necesario que a cesión ou aluguer teña unha duración mínima de 20 anos, de conformidade co establecido no artigo 29 do Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais.

*Plano da parcela, con indicación de superficie, topografía, orientación, servidumes e infraestruturas existentes.

*Memoria relativa ás condicións ambientais do entorno na que se especifique a existencia ou non de actividades insalubres, molestas, nocivas ou perigosas nas inmediacións, ou a existencia de calquera outra circunstancia que poida condicionar o funcionamento do centro proxectado.

*Certificación do órgano correspondente da corporación local na que se faga constar que os plans urbanísticos aprobados e as ordenanzas municipais en vigor permiten a realización da obra que se proxecta.

*Proxecto básico das obras que se van realizar ou, no seu defecto, cando a súa redacción sexa requirida polas normas específicas aplicables en función da propia envergadura da obra, memoria e orzamento detallado, asinados por técnico competente, xustificando a necesidade das obras e o cumprimento do disposto na Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, e do disposto no Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais, en especial, as previsións do seu artigo 7 relativas aos requisitos xerais que deben cumprir os centros de servizos sociais. Para os efectos de facilitarlles a elaboración proxectos de obra para centros de día para a atención de persoas en situación de dependencia, ponse a disposición das corporacións solicitantes, tanto na páxina web da Vicepresidencia como nas dependencias da Dirección Xeral de Acción Social, como modelo de referencia, un programa funcional para a construción deste tipo de centros, elaborado conxuntamente polos arquitectos da Subdirección de Proxectos e Obras e polos técnicos da Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Centros da Secretaría Xeral da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, así como un proxecto de prototipo de centro de día redactado segundo as ditas prescricións.

-Memoria, asinada polo técnico competente do departamento de servizos sociais da corporación, xustificativa da necesidade e viabilidade do equipamento solicitado para mellorar a prestación dos servizos sociais que lle competen.

c) Equipamento (incluída a adquisición de equipamentos destinados a garantir a accesibilidade e a supresión de barreiras):

*Certificado da corporación no que acredite a súa participación no orzamento do equipamento que proxecte adquirir (segundo o modelo do anexo VII).

*Certificado da corporación que acredite o dominio do solicitante sobre o centro ou inmoble ou, se este é alugado ou cedido, certificado no que se fagan constar as condicións nas que se efectuou a cesión ou aluguer. Para o financiamento de obras é necesario que a cesión ou aluguer teña unha duración mínima de 5 anos, de conformidade co establecido no artigo 29 do Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais.

*Orzamento das adquisicións que se pretendan realizar, elaborado por unha empresa ou entidade subministradora.

*Memoria, asinada polo técnico competente do departamento de servizos sociais da corporación, xustificativa da necesidade e viabilidade do equipamento solicitado para mellorar a prestación dos servizos sociais que lle competen.

2. As solicitudes para o financiamento de proxectos de desenvolvemento do pobo xitano deberán ir acompañadas da documentación seguinte:

a) Certificación do órgano correspondente da corporación local, na que conste a contía concreta da achega da corporación local (ou corporacións locais, no caso de compartir o servizo) destinada á execución de proxectos de desenvolvemento do pobo xitano, de ser o caso (segundo o modelo do anexo VIII).

b) Certificación do órgano correspondente da corporación local na que conste o acordo do órgano competente da corporación local para solicitar a subvención.

c) Declaración do peticionario da subvención na que figure o conxunto das subvencións e axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes para un mesmo proxecto, das administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades (segundo o modelo do anexo IV).

d) Memoria, asinada polo técnico competente do departamento de servizos sociais da corporación, xustificativa das actuacións incluídas dentro do proxecto para o que se solicite a subvención, que deberán adecuarse ás actuacións prioritarias para o 2008 relacionadas no anexo IX.

Artigo 11º.-*Prazo de presentación das solicitudes.*

O prazo de presentación das solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 12º.-*Emenda da solicitude.*

As unidades administrativas da Dirección Xeral de Acción Social responsables da tramitación dos procedementos de concesión de subvencións regulados nesta orde comprobarán que as solicitudes reúnen todos os requisitos exixidos. Se unha solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación exixida, requirirase ao interesado, para que, no prazo de dez días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos con indicación de que, se así non o fixese, teráselle por desistido da súa solicitude, e procederase conforme o establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 13º.-*Tramitación e comisión de valoración.*

1. Unha vez revisados os expedientes e, formalmente completos, remitiranse, no caso de solicitudes relativas a servizos sociais de atención primaria en xeral, á comisión de valoración de atención primaria e, no caso de solicitudes relativas a proxectos de desenvolvemento do pobo xitano, á comisión de valoración do plan xitano.

A composición das referidas comisións de valoración será a seguinte:

a) Comisión de valoración das solicitudes para o financiamento de servizos sociais de atención primaria:

-Presidente: director xeral de Acción Social.

-Vicepresidente: subdirector xeral de Inclusión Social e Cooperación coas Corporacións Locais.

-Vogais: dous funcionarios da dirección xeral designados pola secretaria xeral do Benestar a proposta do director xeral de Acción Social, a ser posible, entre os funcionarios adscritos ao servizo de cooperación coas corporacións locais. Actuará como secretario un dos vogais.

b) Comisión de valoración dos proxectos para o desenvolvemento do pobo xitano:

-Presidente: director xeral de Acción Social.

-Vicepresidente: subdirector xeral de Inclusión Social e Cooperación coas Corporacións Locais.

-Vogais: dous funcionarios da dirección xeral designados pola secretaria xeral do Benestar a proposta do director xeral de Acción Social, a ser posible, entre os funcionarios adscritos ao servizo de inclusión social. Actuará como secretario un dos vogais.

Se, por calquera causa, no momento en que a comisión de valoración teña que examinar as solicitudes, algún dos seus compoñentes non puidese asistir, será substituído polo funcionario que para o efecto designe o seu presidente.

Artigo 14º.-*Criterios de valoración das solicitudes.*

1. Para a valoración das solicitudes de subvencións para o financiamento de servizos sociais de atención primaria, despois de garantir o obxectivo prioritario de financiamento da renovación das subvencións outorgadas ás corporacións locais durante o exercicio do 2007 para os conceptos de persoal e axuda no fogar dos servizos sociais de atención primaria nos termos previstos no artigo 5º desta orde, a correspondente comisión de valoración, aplicará os seguintes criterios, entre os que se inclúen as condicións establecidas polo artigo 7 do Decreto 240/1995, do 28 de xullo, regulador da atención primaria, para a participación da Xunta de Galicia no financiamento dos servizos sociais de atención primaria, segundo a súa importancia, sinalada en termos de porcentaxe:

*A adecuación dos servizos á planificación e aos ratios de cobertura da Xunta de Galicia: 45%.

*O cumprimento da normativa en materia de equipamentos e programas básicos: 10%. Para facilitar a valoración deste extremo, con anterioridade á reunión da comisión de valoración, o director xeral de Acción Social, como presidente desta, poderá solicitar informe da Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Centros da Secretaría Xeral da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar acerca do grao de cumprimento da normativa en materia de equipamentos e programas básicos de servizos sociais nas corporacións locais de Galicia. En particular, para a concesión de subvencións para o financiamento de investimentos de capital, teranse en conta os informes de viabilidade e de autorización dos centros destinados á prestación de servizos sociais dependentes das corporacións solicitantes.

*Os resultados da avaliación do desenvolvemento das actividades dos servizos sociais comunitarios: 10%.

*O esforzo orzamentario das corporacións locais en materia de servizos sociais, sempre que se superen as porcentaxes establecidas nos artigos 76 e 77 da Lei de servizos sociais: 10%.

*A estabilidade no seu posto de traballo do persoal municipal que presta servizos adscrito aos servizos sociais de atención primaria: 10%.

*O grao de implantación da ficha social SIUSS (Sistema de Información dos Usuarios de Servizos Sociais) na xestión dos servizos sociais de atención primaria da corporación local solicitante, como indicador de bo funcionamento destes: 10%.

*O emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita subvención, segundo o previsto no artigo 20.2º l) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia: 5%.

2. Para a valoración das solicitudes de subvencións proxectos de desenvolvemento do pobo xitano, a correspondente comisión de valoración aplicará os seguintes criterios, segundo a súa importancia, sinalada en termos de porcentaxe:

*A adecuación dos proxectos ás actuacións prioritarias para o 2008, dentro do plan integral para a convivencia e o desenvolvemento social do pobo xitano en Galicia, que se relacionan no anexo IX: 30%.

*O número de destinatarios potenciais do proxecto residentes dentro do termo municipal: 20%.

*A continuidade dos proxectos desenvolvidos en anos anteriores e os resultados da súa avaliación: 15%.

*O carácter integral dos proxectos de maneira que se aborden conxuntamente actuacións en máis dunha das áreas sinaladas no anexo IX: 10%.

*O esforzo orzamentario das corporacións locais, medido polo peso relativo da achega da corporación local no orzamento global do proxecto: 10%.

*A coordinación dos proxectos das corporacións locais cos desenvolvidos por outras entidades, evitando crear redes paralelas de atención e duplicación de recursos: 10%.

*O emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita subvención, segundo o previsto no artigo 20.2º l) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia: 5%.

Artigo 15º.-*Resolución.*

1. A resolución de concesión das subvencións, por proposta da comisión de valoración correspondente e despois da preceptiva fiscalización pola Intervención Delegada, corresponderalle á secretaria xeral do Benestar, por delegación do vicepresidente da Igualdade e do Benestar.

Estas subvencións poderán formalizarse, de ser o caso, a través de convenios de cooperación coas corporacións locais. A sinatura destes convenios corresponderalle á secretaria xeral do Benestar, por delegación do vicepresidente da Igualdade e do Benestar, incluso naqueles supostos nos que a súa sinatura deba de ser previamente autorizada polo Consello da Xunta de Galicia.

2. As resolucións de concesión de subvencións serán motivadas e notificaranse ás corporacións locais no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o dito prazo sen que recaese resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes, de acordo co establecido no artigo 5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Contra a resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de 2 meses, contados a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación, se a resolución é expresa; se non o fora, o prazo será de 6 meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Non obstante, e de conformidade co disposto no artigo 44 da referida lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderase requirir previamente ao órgano que ditou a resolución no prazo de dous meses contados desde a notificación da resolución. O requirimento entenderase rexeitado se non fose contestado no mes seguinte á súa recepción.

Artigo 16º.-*Modificación da resolución de concesión.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións públicas ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión. A suma das subvencións, axudas ou achegas económicas que puideran obter as corporacións locais beneficiarias para o mesmo concepto e finalidade que as concedidas ao abeiro desta orde non poderá superar en ningún caso o 100% do custo total dos proxectos desenvolvidos.

2. Así mesmo, poderá acordarse a modificación da resolución da subvención, a instancias do beneficiario, sempre que se cumpran os requisitos do artigo 12.2º do Decreto 287/2000.

3. Sen prexuízo do establecido no artigo anterior, e con carácter excepcional, poderanse efectuar resolucións complementarias, cando non fose posible resolver de maneira unitaria, por xurdir fondos procedentes de renuncias de subvencións concedidas ou por producirse unha ampliación do financiamento debido á achega de novos fondos dispoñibles, nos termos establecidos polo artigo 31.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Neste suposto só poderán atenderse solicitudes presentadas dentro do prazo establecido no artigo 11º desta orde.

En todo caso estas resolucións complementarias outorgaranse consonte a valoración realizada no seu día á vista de todas as solicitudes validamente presentadas e formalmente completas, aplicando criterios de proporcionalidade. Ademais teranse en conta dúas peculiaridades en función da orixe destes eventuais fondos adicionais:

-Os fondos adicionais para financiamento de gastos correntes destinaranse á cobertura das necesidades de financiamento adicionais, constatadas na referida valoración das solicitudes, que non puideron ser cubertas pola resolución inicial de concesión de subvencións. Con carácter xeral estes fondos estarán vinculados á realización de determinados programas concretos de servizos sociais, polo que só poderán estimarse, sempre de conformidade coa valoración xeral realizada no seu día, as solicitudes daquelas corporacións locais que solicitaran o programa en cuestión e teñan acreditado o cumprimento dos requisitos necesarios para poder desenvolvelo.

-Os fondos adicionais destinados ao financiamento de investimentos de capital terán por obxecto financiar investimentos que sexan coherentes coa valoración xeral realizada no seu día en función da viabilidade técnica e financeira dos proxectos para os que se solicitou subvención. Non obstante, cando estas ampliacións de financiamento teñan carácter finalista, por estar vinculadas á execución dun determinado tipo de investimentos de capital en concreto, só poderán estimarse, sempre de conformidade coa valoración xeral realizada no seu día, as solicitudes daquelas corporacións locais que incluísen tales investimentos.

Artigo 17º.-*Xustificación e pagamento das subvencións.*

1. Para gastos correntes:

1.1. De conformidade co establecido no Decreto 287/2000 e conforme o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2008 o pagamento das subvencións para o financiamento de gastos correntes en servizos sociais de atención primaria (persoal, mantemento, axuda no fogar-prestación básica do Plan Concertado, axuda no fogar para persoas en situación de dependencia valorada e realización doutros programas) poderá realizarse nos seguintes tramos:

a) O primeiro, do 50% da totalidade da subvención, no momento da súa concesión. Para facer efectivo este anticipo, deberá presentarse certificado da corporación local da achega municipal.

b) O seguinte 30% da subvención, sempre que se presente certificación, emitida polo órgano competente (segundo o modelo do anexo X), de que os gastos realizados en persoal, mantemento, axuda no fogar-prestación básica do Plan Concertado, axuda no fogar para persoas en situación de dependencia valorada e realización de programas igualan ou superan o 80% da cantidade concedida para cada concepto, agás no caso de que nesa data se poida xustificar que a corporación local realizou un gasto igual ou superior á cantidade concedida para cada concepto; neste caso procederase ao aboamento do 100% da subvención, tal como se especifica no punto seguinte.

c) O 20% restante, unha vez presentada pola corporación local certificación, emitida polo órgano competente (segundo modelo do anexo X), do gasto total realizado en cada un dos conceptos subvencionados, acompañada en todo caso dunha declaración complementaria do conxunto das subvencións e axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes, para un mesmo proxecto, das administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades (segundo o modelo do anexo IV) á que se fai referencia no punto 3 deste artigo, para os fins de acreditar que o gasto total realizado en cada un dos conceptos subvencionados é igual ou superior ao total de subvencións e axudas recibidas pola corporación local beneficiaria para a mesma finalidade.

1.2. Para o pagamento das subvencións para a execución de proxectos para o desenvolvemento do pobo xitano poderán realizarse pagamentos parciais, ata o 80% da contía total da subvención concedida para esta finalidade, de conformidade co establecido no Decreto 287/2000, a medida que a corporación local beneficiaria presente certificacións acreditativas dos gastos realizados na execución das actividades obxecto de financiamento. Para o pagamento do 20% restante deberá presentar certificación acreditativa da totalidade do gasto executado para o desenvolvemento do proxecto, en todo caso, por contía igual ou superior á subvención concedida máis a achega da corporación local, e do seu destino ao fin para o que foi outorgada, ademais da declaración complementaria do conxunto das subvencións e axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes, para un mesmo proxecto, das administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades (segundo o modelo do anexo IV) á que se fai referencia no punto 3 deste artigo.

1.3. En todo caso, a corporación local deberá emitir nun prazo de 20 días contados a partir da recepción da cantidade correspondente, certificación

expedida polo órgano competente, acreditativa de que foi rexistrado na súa contabilidade o ingreso da subvención, figurando co destino final para o que foi concedida.

1.4. As actuacións obxecto destas subvencións deberán ser realizadas dentro do exercicio orzamentario 2008. O prazo de xustificación das subvencións para gastos correntes concedidas ao abeiro desta orde remata o 15 de decembro de 2008. En todo caso, a documentación xustificativa dos gastos correspondentes deberá ser recibida na Dirección Xeral de Acción Social da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar con anterioridade ao cerramento do exercicio orzamentario 2008, podendo ser imputados os gastos realizados desde o 1 de xaneiro de 2008 polas corporacións locais nas actuacións obxecto destas subvencións para xustificar as subvencións concedidas con posterioridade ao abeiro desta orde.

2. Para gastos de investimento de capital:

2.1. O prazo de xustificación das subvencións para investimentos de capital remata o 30 de novembro deste ano 2008 para as subvencións referidas unicamente á anualidade 2008, e, de ser o caso, o 30 de novembro da anualidade correspondente, para as subvencións de carácter plurianual que se estendan a anualidades de exercicios futuros. En todo caso, a documentación xustificativa dos gastos correspondentes ao ano 2008 deberá ser recibida na Dirección Xeral de Acción Social da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar con anterioridade ao cerramento do exercicio orzamentario 2008, podendo ser imputados os gastos realizados desde o 1 de xaneiro de 2008 polas corporacións locais nas actuacións obxecto destas subvencións para xustificar as subvencións concedidas con posterioridade ao abeiro desta orde.

2.2. Para a xustificación de subvencións para investimentos de capital que comprendan a realización de obras de construción, reforma, mellora, acondicionamento ou eliminación de barreiras arquitectónicas, deberase presentar, ademais: certificación ou certificacións de obra, factura ou facturas e certificación expedida polo órgano correspondente da corporación acreditativa da súa aprobación polo órgano competente. Igualmente, sempre que non fose achegado previamente, deberase achegar copia do correspondente proxecto de obra, cando a súa redacción sexa requirida polas normas específicas aplicables en función da propia envergadura da obra subvencionada, e, en todo caso, cando a contía da subvención supere os 60.101,21 €., para os fins de facilitar á comprobación material do investimento, requisito indispensable para poder instrumentar o pagamento da dita subvención, de conformidade co disposto no artigo 15.3º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia. Nos supostos nos que a corporación local beneficiaria executase a obra subvencionada pola Administración, deberanse achegar facturas xustificativas dos gastos derivados da adquisición de materiais, así como a correspondente certificación, emitida polo órgano competente da corporación local, acreditativa da súa aprobación polo órgano competente e, de ser o caso, certificación, emitida polo órgano correspondente da corporación local, acreditativa dos custos derivados da execución da obra por medio de persoal da corporación local, e copia do correspondente proxecto de obra, sempre que non fose achegado previamente, cando a súa redacción sexa requirida polas normas específicas aplicables.

2.3. Para a xustificación das demais subvencións para investimentos de capital (adquisición de inmobles ou equipamento), abondará con presentar facturas xustificativas dos correspondentes gastos realizados e certificación, emitida polo órgano competente da corporación local, acreditativa da súa aprobación polo órgano competente, ou, alternativamente, certificación, emitida polo órgano competente da corporación local, acreditativa da realización do mencionado investimento, dos importes investidos ou executados na acción subvencionada e do destino dos investimentos subvencionados á finalidade de servizos sociais para a que foron solicitados.

2.4. Para os distintos conceptos relativos a gastos de investimento de capital non se realizarán anticipos nin pagamentos parciais superiores ao 80% da subvención concedida, de conformidade co establecido no artigo 16.2º.dous.2 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. En todo caso, os beneficiarios, no momento da xustificación da execución total do obxecto da subvención concedida e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, presentarán unha declaración complementaria do conxunto das subvencións e axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes, para un mesmo proxecto, das administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades (segundo o modelo do anexo IV).

4. A falta de presentación da documentación xustificativa entenderase como renuncia á subvención concedida e, logo de audiencia do interesado, procederase conforme ao disposto no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada polas posteriores modificacións das que foi obxecto esta lei, e ocasionará, ademais, a perda de posibilidades de renovación de subvencións para futuros exercicios segundo as condicións previstas no artigo 5º.

5. Unha vez finalizado o exercicio 2008, as corporacións locais beneficiarias deberán presentar unha memoria financeira e unha ficha de avaliación

segundo os modelos establecidos pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e, de ser o caso, emitir unha certificación acreditativa do número, grao e nivel de persoas en situación de dependencia valorada atendidas a través do servizo de axuda no fogar municipal ao longo do exercicio.

Artigo 18º.-*Obrigas das corporacións locais beneficiarias da subvención.*

1. As corporacións locais beneficiarias destas subvencións terán que cumprir coas obrigas xerais que, para os beneficiarios das subvencións, establece o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en particular as de:

a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.

b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan exixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

g) Incluír, de ser o caso, os equipamentos adquiridos con cargo ás subvencións concedidas ao abeiro desta orde no inventario de bens e dereitos da corporación local beneficiaria.

h) Adoptar as medidas de difusión contidas no punto 3º do artigo 15 da propia Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Non obstante, en virtude do previsto na disposición transitoria terceira da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 45.Un da Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, as corporacións locais que resulten beneficiarias destas subvencións quedarán exentas de achegar os xustificantes do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Artigo 19º.-*Infracción e sancións.*

Será de aplicación aos beneficiarios das subvencións reguladas nesta orde o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 20º.-*Reintegro das subvencións concedidas.*

1. Non se poderá exixir o pagamento da subvención concedida e procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos seguintes casos:

a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.

b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.

c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no punto 3º do artigo 15 da propia Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 11 e 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou priva-

dos, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

f) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo no que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

g) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

h) Adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Comunidade Europea, dunha decisión da cal derive unha necesidade de reintegro.

2. Igualmente procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos nos que o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo da actividade subvencionada.

3. A tramitación do correspondente procedemento de reintegro levarase a cabo conforme o disposto nos artigos 37 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. As cantidades que teñan que reintegrar os beneficiarios terán a consideración de ingresos de dereito público e resultará aplicable para o seu cobramento o previsto no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Artigo 21º.-*Control e seguimento.*

1. Os beneficiarios someteranse ás actuacións de control que efectúe a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para o seguimento dos proxectos aprobados, co fin de garantir que as prescricións contidas no convenio-programa do Plan Concertado para o Desenvolvemento das Prestacións Básicas de Servizos Sociais e as finalidades perseguidas polos proxectos para o desenvolvemento do pobo xitano sexan respectadas.

2. As corporacións locais beneficiarias de subvencións quedan obrigadas a remitir á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, no prazo dun mes desde que se lles requirise, cantos informes e documentos se consideren precisos para acreditar o cumprimento da finalidade obxecto da subvención concedida.

3. Así mesmo, as corporacións locais beneficiarias quedan sometidas ao control financeiro que lle corresponde á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, sen prexuízo das funcións que a Constitución Española e as leis lles outorgan ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia.

4. Os beneficiarios teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral, Consello de Contas ou Tribunal de Contas, no exercicio da súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

*Disposicións adicionais*

Primeira.-Apróbase a delegación de atribucións do vicepresidente da Igualdade e do Benestar na secretaria xeral do Benestar para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das subvencións previstas nesta orde, así como para asinar os convenios que se poidan derivar da tramitación destas subvencións, e para autorizar e dispoñer os gastos que se deriven da tramitación desta orde e propoñer o recoñecemento de obrigas e a ordenación dos correspondentes pagamentos.

Segunda.-Para a adecuada prestación do servizo de axuda no fogar as corporacións locais deberán ter aprobado a correspondente normativa municipal, ao abeiro da Orde do 22 de xullo de 1996, pola que se regula o dito servizo. Non obstante, para a prestación do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia valorada deberán ter en conta, ademais, as normas que desenvolven o catálogo de prestacións previsto pola Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, e en particular, as prescricións establecidas respecto do servizo de axuda no fogar na Orde do 17 de decembro de 2007, pola que se establecen os criterios para a determinación do programa individual de atención, fixación das intensidades de protección dos servizos, réxime de compatibilidades das prestacións e xestión das prestacións económicas do sistema para a autonomía e atención á dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia, así como as establecidas no artigo 6º desta orde.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Autorízase a secretaria xeral do Benestar para ditar as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2008.

Anxo Manuel Quintana González
Vicepresidente da Igualdade e do Benestar

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

*ANEXO I*

| PROCEDEMENTO | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO | DOCUMENTO |
|---|---|---|
| ***SUBVENCIÓNS NON PERIÓDICAS PARA CORPORACIÓNS LOCAIS. SERVIZOS SOCIAIS DE ATENCIÓN PRIMARIA*** | ***VP623A*** | ***SOLICITUDE*** |

**I. DATOS DE IDENTIFICACIÓN**

1. Ámbito de actuación (0) ____ Nome ____

2. Se o ámbito é supramunicipal: Nº de municipios ____

3. Poboación total da zona ____

Nº de proxecto ____

Código municipal (1) ____

Refírese a:

☐ CENTRO DE SERVIZOS SOCIAIS
☐ CENTRO DE ACOLLIDA
☐ ALBERGUE
☐ OUTROS

Tipoloxía do centro de acollida ____

**CENTRO FINANCIADO (2)**

| ENDEREZO DA SEDE DO CENTRO FINANCIADO (2): Rúa e número | CÓDIGO POSTAL | LOCALIDADE |
|---|---|---|
| | | |

| PERSOA DE CONTACTO | TELÉFONO |
|---|---|
| | |

**ADMINISTRACIÓN TITULAR DO CENTRO**

| |
|---|
| |
| ENDEREZO |
| |

| PERSOA DE CONTACTO | TELÉFONO |
|---|---|
| | |

LEXISLACIÓN APLICABLE

*Orde do 18 de marzo de 2008 pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas á prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria.*

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

, de de

*Autorizo a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar a facer públicos os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, de ser o caso, nos rexistros de axudas, subvencións, convenios e sancións, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, e segundo o previsto no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega.*

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE ____

DATA DE ENTRADA ___/___/___

DATA DE EFECTOS ___/___/___

DATA DE SAÍDA ___/___/___

*Vicepresidente da Igualdade e do Benestar*

**II. ORZAMENTO**
**(No caso de proxectos iniciados en anos anteriores consignar o custo total incluíndo a prórroga e mais a ampliación)**

**1.- FONTES DE FINANCIAMENTO**

1.1. Achega da corporación local: (3)

Propia ..........................................................................................................

Procedente da deputación provincial...........................................................................

Procedente doutras administracións (especificar).. ..................................................

.....................................................

.....................................................

.....................................................

TOTAL ...........................................

1.2. Achega da comunidade autónoma e Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais:

TOTAL ...........................................

